

# Facultade de Filoloxía e Tradución

**(*)**

Horarios

**Horarios**

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

# Grao en Tradución e Interpretación

**Materias**

**Curso 1**

| Código | Nome | Cuadrimestre | Cr.totais |
|---|---|---|---|
| V01G230V01101 | Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego | 1c | 6 |
| V01G230V01102 | Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español | 1c | 6 |
| V01G230V01103 | Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés | 1c | 9 |
| V01G230V01104 | Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés | 1c | 9 |
| V01G230V01105 | Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés | 1c | 9 |
| V01G230V01106 | Idioma moderno: Idioma 2, I: Francés | 1c | 9 |
| V01G230V01107 | Idioma moderno: Idioma 2, I: Alemán | 1c | 9 |
| V01G230V01108 | Idioma moderno: Idioma 2, I: Portugués | 1c | 9 |
| V01G230V01109 | Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática | 1c | 6 |
| V01G230V01201 | Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego | 2c | 6 |
| V01G230V01202 | Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español | 2c | 6 |
| V01G230V01203 | Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés | 2c | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| V01G230V01204 | Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés | 2c | 6 |
| V01G230V01205 | Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés | 2c | 6 |
| V01G230V01206 | Idioma moderno: Idioma 2, II: Francés | 2c | 6 |
| V01G230V01207 | Idioma moderno: Idioma 2, II: Alemán | 2c | 6 |
| V01G230V01208 | Idioma moderno: Idioma 2, II: Portugués | 2c | 6 |
| V01G230V01209 | Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación | 2c | 6 |
| V01G230V01210 | Introdución á teoría da tradución e a interpretación | 2c | 6 |

## DATOS IDENTIFICATIVOS

**Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Materia | Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego | | | |
| Código | V01G230V01101 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Galego | | | |
| Departamento | Filoloxía galega e latina | | | |
| Coordinador/a | Palacio Sanchez, Jose Antonio | | | |
| Profesorado | Palacio Sanchez, Jose Antonio | | | |
| Correo-e | xpalacio@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Visión sistemática da normativa que rexe o uso da lingua galega, para que o alumnado chegue a te-lo dominio necesario da norma gramatical que lle permita producir textos con corrección. Nas clases presentaranse e comentaranse os diferentes aspectos da normativa actual: ortografía, morfoloxía, léxico e sintaxe e estudaranse polo miúdo os que presenten unha aplicación máis problemática. O punto de partida é o nivel C2 do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe de linguas. | | | |

## Competencias de titulación

| Código | |
|---|---|
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A22 | Destrezas de tradución |
| A24 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| A25 | Coñecementos de cultura xeral e civilización |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| A33 | Dominio oral e escrito da lingua propia |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B6 | Capacidade de xestión da información |
| B9 | Razoamento crítico |
| B14 | Motivación pola calidade |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

## Competencias de materia

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
|---|---|---|
| Adquirir ou completar con coñecementos teóricos unha expresión oral e escrita en galego correcto, adecuado e coherente. | A3<br>A4<br>A25<br>A33 | B1<br>B15<br>B22 |
| Analizar e valorar criticamente textos orais e escritos en lingua galega. | A3<br>A4<br>A18<br>A22<br>A27<br>A33 | B1<br>B6<br>B9<br>B15<br>B23 |
| Adquirir autonomía para producir e corrixir textos orais e escritos, utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega. | A3<br>A4<br>A18<br>A24<br>A33 | B1<br>B14<br>B15 |

## Contidos

| Tema |
|---|

| | |
|---|---|
| 1. A norma escrita da lingua galega | 1.1. Os grafemas, os seus valores e usos<br>1.2. Acentuación |
| 2. Morfosintaxe | 1.3. Signos ortográficos<br>1.4. Grupos consonánticos<br>1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego<br><br>2.1. O artigo<br>2.2. O substantivo e o adxectivo<br>2.3. O pronome persoal (formas, contraccións, concorrencia de pronomes, dativo de solidariedade e de interese, interferencias, colocación, interpolación)<br>2.4. Posesivos e demostrativos (formas, contraccións, usos especiais)<br>2.5. Cuantitativos e indefinidos<br>2.6. O verbo (morfoloxía, usos e valores dos tempos, formas nominais, perífrases verbais)<br>2.7. O adverbio<br>2.8. A preposición<br>2.9. A conxunción |
| 3. Tipos de textos | 3.1. O texto e as súas propiedades: a coherencia, a cohesión, a adecuación.<br>3.2. Os conectores textuais.<br>3.3. Tipos de textos: xornalísticos, publicitarios, científicos, administrativos. |
| 4. O estándar oral galego | 1. Pronuncia das vogais abertas e pechadas, da nasal velar e da fricativa prepalatal xorda.<br>2. Os grupos cultos.<br>3. Elisións e contraccións na cadea fónica. |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 12 | 12 |
| Sesión maxistral | 32 | 64 | 96 |
| Traballos tutelados | 0 | 8 | 8 |
| Outros | 0 | 18 | 18 |
| Traballos de aula | 12 | 0 | 12 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 4 | 0 | 4 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Os alumnos deberán entregar cada semana □aproximadamente□ e nas datas fixadas un comentario dirixido dun texto que se lles proporcionará. En conxunto, son doce textos que están á disposición do alumnado no servizo de reprografía da facultade. Os comentarios deben ser persoais, e penalizaranse moito a copia e o plaxio. |
| Sesión maxistral | Impartirase 1 hora de teoría por semana. |
| Traballos tutelados | Traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obrigatoria. Máis có contido, é imprescindible a corrección do texto: redacción (puntuación, sintaxe, ortografía), léxico, tipografía... O traballo entregarase antes do 15 de decembro de 2012. A copia ou o plaxio serán motivo para que este traballo non cualifique. |
| Outros | Lectura de tres obras que o profesor indicará nos primeiros días de clase. Realización dun traballo individual sobre unha delas (Vid. «Traballos tutelados»). No exame final haberá unha pregunta para comprobar que se leron as tres. |
| Traballos de aula | Consistirán na realización de prácticas sobre os aspectos tratados na explicación teórica. Faranse na última media hora de cada día. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Son comentarios dirixidos de doce textos acompañados dunhas cuestións que o alumno deberá responder coa axuda das fontes que precise. O profesor corrixirá os comentarios e o alumno deberá facer de cada un deles unha 2ª versión definitiva. Ó final de curso, o alumno entregará os 24 textos nunha carpeta. Para consultar algunha dúbida, o alumno pode facelo na clase, nas horas de titoría ou por correo electrónico. |

| Avaliación | | |
|---|---|---|
| | Descrición | Cualificación |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización correcta dos 12 comentarios dirixidos. Son textos cunhas cuestións que o alumno deberá responder coa axuda das fontes que precise. O profesor corrixirá as respostas e o alumno deberá facer de cada texto unha 2ª versión definitiva. Ó final de curso, o alumno entregará os 24 textos nunha única carpeta. | 15 |
| Traballos tutelados | Un traballo individual de aproximadamente 5 folios sobre unha das obras de lectura obrigatoria. Máis có contido, é indispensable a corrección formal do texto: redacción, puntuación, ortografía, léxico, tipografía. O traballo entregarase antes do 15 de decembro de 2012. | 10 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Haberá dúas probas. 1ª: decembro, antes do Nadal; control de dominio das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Esta parte deberán repetila ó final do semestre tódolos alumnos que non consigan unha puntuación de 60 puntos (de 100). 2ª proba: finais do semestre; resolución de exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Corrección, para que quede nun galego correcto, dun texto deturpado. Ademais, comprobación da lectura das tres obras que o profesor indique. | 75 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Para acollerse ó sistema de avaliación arriba descrito, o alumnado deberá asistir, polo menos, ó 80% das clases (teóricas e prácticas). Na 2ª convocatoria (xullo), os alumnos serán cualificados mediante un exame que constará de dúas partes: Na 1ª deberá demostra-lo dominio das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (acentuación, uso do guión, grupos consonánticos, contraccións, formación do plural, formación do feminino, paradigmas verbais, adverbios e locucións adverbiais, etc.). Se nesta parte o alumno obtivese menos de 40 puntos (de 100), non se corrixirá a 2ª parte. Nesta, o alumno deberá resolver exercicios de uso de pronomes, perífrases, infinitivos conxugados e calquera aspecto referido ós contidos que figuran no programa. Así mesmo, deberá corrixir, de modo que quede nun galego correcto, un texto que se lle entregará deturpado. Farase media entre as dúas partes. Seguirase o mesmo sistema cos alumnos que opten pola modalidade non presencial e con tódolos que concorran a unha 3ª convocatoria ou posteriores. Este exame realizarase en decembro, o último día de clase. Non se gardará para outro curso ningunha puntuación das obtidas nos exames. A adquisición do galego oral comprobarase nas clases prácticas. Con todo, para verifica-lo dominio da lingua falada, o profesor convocará a unha entrevista ós alumnos que non o teñan ó comezo do curso. Os alumnos que escollan o sistema de avaliación única tamén deberán face-las lecturas obrigatorias, sobre as que se lles formularán, oralmente ou por escrito, algunhas cuestións tendentes a comprobar que as leron.

**Bibliografía. Fontes de información**


Real Academia Galega, **Dicionario da RAG**, http://www.realacademiagalega.org/dicionario,

NAVAZA BLANCO, G. (coord.), **Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos**, Vigo: Edicións Xerais,

PENA, X. A. (dir.) et alii, **Gran dicionario Cumio da lingua galega**, Vigo: Edicións do Cumio,

REAL ACADEMIA GALEGA / INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Diccionario da Real Academia Galega**, Vigo: Xerais-Galaxia,

RAG/ILG, **Vocabulario ortográfico da lingua galega**, http://ilg.usc.es,

XOVE FERREIRO, Xosé (coord.), **Novo dicionario da lingua galega**, Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana,

REAL ACADEMIA GALEGA, **Dicionario castelán-galego da Real Academia Galega**, A Coruña: Fundación Barrié de la Maza,

LEDO CABIDO, B. (dir), **Dicionario da lingua galega**, Vigo: Ir Indo,

FERNÁNDEZ SALGADO, coord.), **Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega**, Vigo: Galaxia,

CARBALLEIRA ANLLO, X. Mª (coord.), **Gran dicionario Xerais da lingua**, Vigo: Edicións Xerais,

REAL ACADEMIA GALEGA/INSTITUTO DA LINGUA GALEGA, **Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego**, RAG-ILG,

HERMIDA GULÍAS, C., **Gramática práctica (Morfoxintaxe)**, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco,

FREIXEIRO MATO, X.R., **Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe**, Vigo: A Nosa Terra,

DOSIL, B. e RIVEIRO, X, **Dicionario de ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,

ÁLVAREZ BLANCO, R. e XOVE, X., **Gramática galega**, Vigo: Galaxia,

ÁLVAREZ BLANCO, R., H. MONTEAGUDO e X. L. REGUEIRA, **Gramática galega**, Vigo: Galaxia,

VOX-BIBLOGRAF, **Diccionario esencial Vox galego-castelán, castellano-gallego**, Barcelona: Biblograf,

GONZÁLEZ REI, B., **Ortografía da lingua galega**, A Coruña: Galinova,

PENA, X. A. (direc.), **Gran dicionario Século 21 da lingua galega**, Edic. do Cumio/Edit. Galaxia,

REGUEIRA, Xosé Luís, **Un modelo de estándar oral para a lingua galega**, D. Kremer (ed.) Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos (La Habana),

Kressman Taylor, **Enderezo descoñecido**, Edicións Xerais de Galicia,

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

**Outros comentarios**

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo diario e continuado. Se un alumno non tivese un niverl avanzado de coñecemento (C2) deberá adquirilo por medios alternativos á docencia desta materia (Escola Oficial de Idiomas, etc.) Na páxina web do Instituto da Lingua Galega hai un curso multimedia de galego de nivel intermedio dirixido a falantes de castelán. O curso facilita unha aprendizaxe autónoma. Dispón de case un cento de actividades interactivas repartidas en catro seccións: comprensión, expresión, gramática e vocabulario. Ademais, ofrécelle ó alumno materiais de consulta (vocabulario e gramática) e complementos (textos, ligazóns, etc.) que axudarán a completa-la súa formación.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español** | | | | |
| Materia | Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español | | | |
| Código | V01G230V01102 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Lingua española | | | |
| Coordinador/a | Rodriguez Vega, Maria Regina | | | |
| Profesorado | Rodriguez Vega, Maria Regina | | | |
| Correo-e | xinavega@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A10 | Capacidade de traballo en equipo |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B5 | Coñecementos de informática aplicada |
| B7 | Toma de decisións |
| B12 | Traballo en equipo |
| B14 | Motivación pola calidade |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B18 | Creatividade |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita. | A4 | B1 |
| Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español. | A3 | B15<br>B23 |
| Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos. | A10<br>A18 | B1<br>B5<br>B18 |
| Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común. | A18<br>A27 | B7<br>B12 |
| Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, traducción e interpretación textual. | A4<br>A27 | B14<br>B22 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística. | 1.1. Norma e uso.<br>1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español.<br>1.3. A política lingüística panhispánica da RAE. |
| Tema 2. Ortografía e puntuación. | 2.1. Ortografía das letras.<br>2.2. Ortografía das palabras.<br>2.3. Acentuación.<br>2.4. Puntuación. |

| | |
|---|---|
| Tema 3. Ortotipografía. | 3.1. Ortotipografía dos elementos tipográficos.<br>3.2. As referencias bibliográficas. |
| Tema 4. Morfoloxía flexiva. | 4.1. Morfoloxía flexiva vs. Morfoloxía derivativa.<br>4.2. Morfoloxía flexiva. Unidades.<br>4.3. Cuestións de xénero gramatical.<br>4.4. Cuestións de número gramatical. |
| Tema 5. O nivel da escritura: o texto. | 5.1. Coherencia e cohesión textual.<br>5.2. Formas discursivas e tipoloxía textual en español.<br>5.3. Redactar en función da tipoloxía textual. |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Actividades introdutorias | 2 | 3 | 5 |
| Sesión maxistral | 18 | 45 | 63 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 14 | 21 | 35 |
| Presentacións/exposicións | 6 | 18 | 24 |
| Traballos de aula | 4 | 8 | 12 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 0 | 2 |
| Traballos e proxectos | 2 | 7 | 9 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Actividades introdutorias | Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia, farase unha pequena proba inicial (non puntuable na avaliación final) que servirá como valoración de nivel. |
| Sesión maxistral | Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo. |
| Presentacións/exposicións | Actividade práctica. O profesor da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma axeitada de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodolóxica irá orientada aos discentes. O seguinte paso consistirá na exposición oral (individual, por parellas ou en grupos) por parte dos alumnos dun tema concreto de carácter lingüístico que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentarse ao resto dos compañeiros. |
| Traballos de aula | Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha. |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos de aula | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Traballos e proxectos | |

| **Avaliación** | | |
|---|---|---|
| | Descrición | Cualificación |

| | | |
|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Consistirá na exposición oral por parte do alumnado (individual, por parella ou en grupo de 3 ou 4 persoas) dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os propostos polo docente. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. | 25 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Consistirá nun exame que abordará os temas estudiados durante o curso. Nesta proba terán cabida preguntas de carácter teórico e outras de carácter práctico. Realizarase na antepenúltima sesión docente e dedicaranse as dúas últimas sesións a tarefas de revisión e comentario das probas realizadas. | 50 |
| Traballos e proxectos | Consistirá na elaboración dun traballo proposto en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto. | 25 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

<p>Ao inicio do curso, os alumnos deberán indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (exame oficial da materia fixado pola Facultade). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas.</p> <p>Os alumnos que opten pola avaliación continua e que non superen a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso.</p> <p>Os estudiantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario.</p> <p>A lectura dunha obra literaria será obrigatoria.</p> <p>Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. Se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán.</p>A avaliación das lecturas obrigatorias relizarase no exame final.

**Bibliografía. Fontes de información**


Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,

del Valle, José (ed.), **La lengua ¿patria común?**, Madrid: Iberoamericana- Frankfurt am Main: Vervuert,

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA,

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA,

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,

Cervera, Ángel, **Guía para la redacción y el comentario de texto**, Madrid: Espasa,


Ao longo do curso poderán indicarse outras lecturas específicas.

Como recolle o apartado relativo á avaliación, haberá que realizar unha lectura obrigatoria ao longo do cuadrimestre. O título indicarase nas sesións presenciais e tamén a través dun anuncio na plataforma TEMA.

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés** | | | | |
| Materia | Idioma moderno:<br>Idioma 1, I: Inglés | | | |
| Código | V01G230V01103 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Tradución e<br>Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Llantada Diaz, Maria Francisca<br>Perez Paz, Maria Flor | | | |
| Profesorado | Llantada Diaz, Maria Francisca<br>Perez Paz, Maria Flor | | | |
| Correo-e | fanny.llantada@uvigo.es<br>mflor@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia presta atención á consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas a un nivel de usuario/a competente. O curso ten unha orientación práctica.<br>O nivel de partida da lingua é B1 e de chegada é B2, segundo os estándares do Marco Europeo Común de Referencia. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| A2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A10 | Capacidade de traballo en equipo |
| A11 | Capacidade de deseñar e xerir proxectos |
| A12 | Posuír unha ampla cultura |
| A17 | Capacidade de tomar decisións |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A22 | Destrezas de tradución |
| A24 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| A25 | Coñecementos de cultura xeral e civilización |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| A32 | Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B12 | Traballo en equipo |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras | A2<br>A25<br>A32 | B1 |
| Desenvolver o sentido de conciencia lingüística dos mecanismos gramaticais e formas de expresión do inglés | A1<br>A4 | B15<br>B22<br>B23 |
| Coñecer e aplicar as nocións gramaticais de nivel intermedio de inglés coa elaboración de textos escritos de diversa índole (mails, ensaios argumentativos, queixas, cartas formais, informais...) | A1<br>A4<br>A18 | B15<br>B22 |
| Sentar as bases das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés | A1<br>A18<br>A22 | B15<br>B22<br>B23 |

| | | |
|---|---|---|
| Adquisición e utilización do repertorio léxico de nivel intermedio do inglés entroncado coa temática a tratar nos contidos. | A1<br>A3<br>A4 | B12<br>B15<br>B22<br>B23 |
| Promover a autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de tipo intermedio de diversos tipos de textos en inglés | A1<br>A4<br>A12<br>A18<br>A24<br>A27 | |
| Capacidade para desenvolverse cun nivel intermedio en inglés a través de presentacións en clase, individualmente ou en grupo | A1<br>A2<br>A10<br>A11<br>A17<br>A24 | |

## Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. Success and Advice | A. Giving advice.<br>B. Using vague expressions.<br>C. Present perfect simple and progressive.<br>D. Review of key concepts in English pronunciation: vowels and consonants. |
| 2. Misunderstandings and Complaints | A. Making complaints.<br>B. Past simple, past perfect simple, past progressive, past perfect progressive.<br>C. Explaining misunderstandings.<br>D. Verb tenses in narration.<br>E. Storytelling.<br>F. Review of key concepts in English pronunciation: word stress. |
| 3. Education and Learning | A. Describing language learning.<br>B. Describing habits and experiences.<br>C. Describing tendencies.<br>D. Idioms related to language.<br>E. Review of key concepts in English pronunciation: word stress. Leaving out /t/ |
| 4. Describing Local Places | A. Landmarks and people.<br>B. Special occasions.<br>C. Using the passive.<br>D. Oral and written descriptions and recommendations.<br>E. Review of key concepts in English pronunciation: weak sounds; sentence stress. |
| 5. Images | A. Describing objects and designs.<br>B. Argumentation: expressing attitudes, disagreement, concession, and counter-arguments.<br>C. Past participle clauses.<br>D. Spelling tips.<br>E. Review of key concepts in English pronunciation: words groups. |
| 6. Virtual Worlds | A. Crime and justice.<br>B. Media and Internet.<br>C. Interviewing to profile a person´s life.<br>D. Justifying points of view.<br>E. Conditional clauses, present and future.<br>F. Spelling and sounds. |
| 7. Inspiration and Problem Solving | A. Expressing ideas about problems and their solutions.<br>B. Speaking tactfully.<br>C. Present and past participle clauses.<br>D. Spelling and sounds.<br>E. Pronunciation: basic vowel and consonant variations between British and American varieties of English. |

## Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 25 | 40 | 65 |
| Presentacións/exposicións | 10 | 20 | 30 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 40 | 40 |
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Titoría en grupo | 6 | 0 | 6 |
| Traballos de aula | 17 | 33 | 50 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 6 | 10 | 16 |
| Probas de resposta curta | 5 | 10 | 15 |
| Outras | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas |
| Presentacións/exposicións | Presentacións orais e escritas guiadas sobre os contidos da materia, quer de forma individual quer colectiva, para reforzar as destrezas comunicativas de expresión. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma, con material de autocorrección. |
| Actividades introdutorias | Presentación da materia ao alumnado. |
| Titoría en grupo | Explicación dos elementos dos contidos que precisen da aclaración das dúbidas que ao respecto presente o alumnado. |
| Traballos de aula | Práctica das catro destrezas comunicativas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading) e expresión escrita (writing) así como das destrezas lingüísticas (use of English). |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Presentacións/exposicións | O profesorado facilitará ao alumnado a bibliografía e material necesario para as súas exposicións. Orientacións xerais sobre a materia, análise das capacidades iniciais dos alumnos. Fomento de estratexias de aprendizaxe autónomo. Indicacións sobre os traballos tutelados. Asesoramento que precisen os alumnos para a superación do curso. |
| Titoría en grupo | O profesorado facilitará ao alumnado a bibliografía e material necesario para as súas exposicións. Orientacións xerais sobre a materia, análise das capacidades iniciais dos alumnos. Fomento de estratexias de aprendizaxe autónomo. Indicacións sobre os traballos tutelados. Asesoramento que precisen os alumnos para a superación do curso. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Presentacións, redaccións, e exposicións orais e escritas relacionadas co libro de obrigada lectura e cos dous artigos extraídos dos xornais online que se indicarán na clase, e relacionadas coas destrezas de expresión (speaking and writing). | 20 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Probas prácticas de execución de tarefas baseadas en materias reais ou adaptados e relacionadas coas destrezas de comprensión (listening and reading). | 20 |
| Probas de resposta curta | 1. Probas puntuais sobre a materia asignada, conceptos teóricos e a súa aplicación.<br>2. Resolución de exercicios prácticos de resposta curta (fill in the gaps, transformations, cloze, multiple choice, etc.) relacionados coas destrezas lingüísticas (use of English). | 20 |
| Outras | Exame final sobre todos os contidos lingüísticos e das catro destrezas comunicativas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading), e expresión escrita (writing) así como das destrezas lingüísticas (use of English), que representa o 40% para aqueles alumnos/as que teñan dereito a avaliación continua. | 40 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis axeitado para a aprendizaxe da materia.

**O alumnado de avaliación continua ten que declararse por escrito como asistentes de avaliación continua na segunda ou terceira clase teórica da materia e para iso entregarán unha ficha ó profesorado.**

Para poder **superar o sistema de avaliación continua** o alumnado deberá asistir ao **80% das horas presenciais** (tanto de horas teóricas como das prácticas). De non facelo perderá o dereito á avaliación continua e terá que presentarse á **avaliación única** que se realizará durante o último día lectivo da materia. O alumnado de avaliación única realizará o exame da competencia oral durante o último día lectivo da materia. A devandita competencia medirase cunha entrevista ao alumnado que versará sobre algún tema dos contidos do curso. A avaliación única computará como o 100% da nota final.

Ó **alumnado de avaliación continua** computáraselle un 60% da cualificación final co traballo e probas do curso e un 40% coa proba final na data oficial da primeira convocatoria. A proba final da primeira convocatoria terá lugar na última clase da materia.

Para aprobar a materia será preciso aprobar **cada unha das catro destrezas comunicativas (reading, listening, speaking and writing) e a destreza lingüística (use of English)**. Na convocatoria de xullo o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

**A posibilidade de faltar ao 20% das sesións presenciais xa contempla as faltas por emerxencias e por enfermidade**, por tanto no se aceptará xustificación das faltas agás en casos moi limitados e excepcionais.

A avaliación continua do alumnado require que o alumnado demostre as súas capacidades con regularidade ó longo do cuadrimestre. Por tanto, as probas e traballos de clase non son recuperables. **As probas e os traballos feitos na clase que os alumnos non entreguen por non asistir a clase contarán como un 0**. As probas tipo resposta curta serán controis puntuais que non se anuncian antes de realizalos. Anunciarase na aula a programación das datas de entrega dos traballos, así como as datas nas que se realizarán os traballos de aula que son redacción escritas ou presentacións orais, ademais dos exames e as probas máis extensas de reading e listening. O traballos realizados fóra da aula deberán ser entregados en man na clase no día sinalado. Así, os traballos que o alumnado non entregue na data requirida e en man contarán como un "0".

**Os/as alumnos/as que non superen a avaliación continua ou que renuncien a ela** deberán presentarse a unha proba única global sobre todos os contidos comunicativos e lingüísticos da materia en **xullo (segunda convocatoria)**, que computará como o 100%. A data deste exame farase pública de forma oficial.

Esta proba de xullo constará de cinco partes que avaliarán as catro destrezas comunicativas e a destreza lingüística (use of English). Cada unha das partes equivalerá a un 20% da cualificación final e para aprobar a materia haberá que aprobar cada unha das devanditas destrezas.

**Os/as alumnos/as que non se acollan á avaliación continua terán una proba única que computará como o 100% da nota. A primeira oportunidade é a proba da primeira convocatoria e a segunda na segunda convocatoria (xullo)**.

Para a segunda convocatoria (xullo) conservaranse as calificacións das partes aprobadas na primeira convocatoria (sendo de avaliación continua ou da proba única da primeira convocatoria).

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, conexión a internet ou outros medios electrónicos.

**O plaxio total ou parcial nos traballos entregados suporá o suspenso automático na materia**.

## Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

**Libro de lectura obrigatoria**: Maley, Alan. *He Knows Too Much*. Cambridge English Readers (Advanced). Cambridge University Press, 2009.

www.washingtonpost.com

The Guardian

**:**

Cambridge Advanced Learner's Dictionary. Cambridge University Press, 2008*. London: HarperCollins, 2009.*

Collins English-Spanish, Spanish-English Dictionary*. Oxford University Press, 2008*

University Press, 2010.

University Press,

Macmillan English Dictionary for Advanced Learners:

Craven, Miles. *Real Listening & Speaking 3* (with answers). Cambridge University Press, 2008.

Gramática

Broukal, Milada. *Grammar in View 3: Self-Study Guide*. McGraw-Hill, 2006.

Conrad, Susan & Biber, Douglas. *Real Grammar: A Corpus-Based Approach to English*. Pearson ESL, 2009.

Foley, Mark. *Longman Advanced Learner's Grammar* (with answers). Harlow: Longman, 2003.

Hewings, Martin. *Advanced Grammar in Use* (with answers). Cambridge University Press, 2005.

Swan, Michael & Walter, Catherine. *How English Works: A Grammar Practice Book* (with answers). Oxford University Press, 1997.

Thornbury, Scott. *Natural Grammar*. Oxford University Press, 2004.

Vince, Michael. *Advanced Language Practice* (with key). Oxford: Macmillan, 2009.

Pronunciación

Hewings, Martin. *English Pronunciation in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2007.

Hewings, Martin. *. Cambridge , 1993.*

O'Connor, J.D. & Fletcher, Clare. *Sounds English*. Harlow: Longman, 1989.

Vocabulario

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *English Idioms in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2010.

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *English Phrasal Verbs in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2002.

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *English Vocabulary in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2007.

McCarthy, Michael & O'Dell, Felicity. *Test your English Vocabulary in Use*, *Upper-Intermediate*. Cambridge Univesity Press, 2005.

Materiais en liña:

BBC World Service (gramática, tests, actividades de comprensión oral, etc.)

http://www.bbc.co.uk

Voice of America (lectura lenta, excelente para a práctica da comprensión oral)

http://www.edufind.com/english/grammar/

E-learning Materials

ESL Podcasts:

http://www.eslpod.com/toefl/

ESL Websites:

http://www.okey-dokey.co.uk

http://www.usingenglish.com

http://iteslj.org

Bellenglish (First Certificate)

http://www.elcox.co.uk

Cambridge ESOL Examinations

http://www.english-online.org.uk

English Outlook Academy of English (IELTS) (fee)

http://www.aclenglish.com

English Page (General)

http://www.learningenglish.net

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

**Outros comentarios**

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida B1 terá que procurar formación en inglés por a súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.). EN NINGÚN CASO SE BAIXARÁ O NIVEL de partida B1.

Tamén cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright. Ningunha parte dos libros de texto e de lectura poden ser reproducidos, alterados, editados ou usados por calquera forma ou medio, electrónico ou mecánico, inclusive fotocopias, gravacións, Internet ou sistema de almacenamento de datos, sen permiso por escrito dos autores ou editoriais, agás nos casos de treitos curtos citados en recensións críticas ou artigos de revistas, xornais ou calquera medio de comunicación.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés** | | | | |
| Materia | Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés | | | |
| Código | V01G230V01104 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 9 | FB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Francés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Alonso de Soto, Inés | | | |
| Profesorado | Alonso de Soto, Inés | | | |
| Correo-e | ialonso@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Os obxectivos da materia son repasar os coñecementos morfosintácticos de base e asentar os coñecementos gramaticais, practicar a fonética para perfeccionar a pronuncia e a expresión oral e tamén para ampliar a capacidade de comprensión e expresión na escrita e na fala para atinxir un nivel C1.1.1.- Os alumnos deben ter un nivel B2 consolidado. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| A2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A10 | Capacidade de traballo en equipo |
| A12 | Posuír unha ampla cultura |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A24 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| A30 | Coñecemento de idiomas |
| A32 | Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade |
| B2 | Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira |
| B10 | Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B17 | Comprensión doutras culturas e costumes |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Adquirir a capacidade de discriminación entre norma e uso axeitada a cada situación comunicativa. | A2<br>A18<br>A30<br>A32 | B10<br>B17 |
| Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral. | A1<br>A10<br>A18<br>A30 | B2<br>B15<br>B17<br>B22 |
| Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir esos coñecementos a estructuras mais complexas. | A1<br>A30 | B2<br>B15<br>B23 |
| Desenvolver o sentido da consciencia lingüística das variantes da lingua francesa coma un sistema lingüístico-cultural, dos seus mecanismos gramaticais e das súas formas de expresión. | A1<br>A4<br>A24<br>A30 | B2 |
| Desenvolver o sentido da consciencia lingüística das variantes da lingua francesa coma un sistema lingüístico-cultural, dos seus mecanismos gramaticais e das súas formas de expresión | A1<br>A4<br>A30 | B2 |

| | | |
|---|---|---|
| Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral | A1<br>A10<br>A18<br>A30 | B2<br>B15<br>B17<br>B22 |
| Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir esos coñecementos a estructuras mais complexas. | A1<br>A10<br>A18 | B2<br>B15<br>B17<br>B22 |
| Adquirir a capacidade de discriminación entre norma e uso axeitada a cada situación comunicativa. | A2<br>A4<br>A12<br>A18<br>A30<br>A32 | B10<br>B17 |

| **Contidos** | |
|---|---|
| Tema | |
| I.- Théorie | □ Structure de la phrase simple : l'ordre des mots : place des pronoms, la négation, les adverbes, l'adjectif.<br><br>□ La phrase passive.<br><br>□ Subordonnées complétives : L'expression de la pensée, de la volonté, des sentiments.- Le discours direct et indirect. |
| II- Pratique | A.□ Orthoépie : Pratique de la prononciation.-□La prosodie : le rythme et l'accentuation, la mélodie et l'intonation.<br>B.-- Civilisation : Les médias français - L'espace géographique français - La France et l'Europe - La France et la Francophonie.<br>C.-- Lecture : "Voyages en France", d'Éric DUPIN, Paris : Seuil, 2011. cf: http://voyagesenfrance.info/ |

| **Planificación** | | | |
|---|---|---|---|
| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Sesión maxistral | 15 | 15 | 30 |
| Traballos tutelados | 2 | 10 | 12 |
| Prácticas de laboratorio | 15 | 15 | 30 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 30 | 45 | 75 |
| Outros | 0 | 30 | 30 |
| Prácticas autónomas a través de TIC | 0 | 25 | 25 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 5 | 5 | 10 |
| Outras | 5 | 8 | 13 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado. | | | |

| **Metodoloxía docente** | |
|---|---|
| | Descrición |
| Sesión maxistral | Presentación e exposición teórica na aula con axuda de medios audiovisuais. |
| Traballos tutelados | Estes traballos serán feitos baixo a supervisión e a corrección da profesora antes da corrección final. |
| Prácticas de laboratorio | Prácticas de comprensión da lingua falada: escoita de gravacións e exercicios de pronuncia e de comprensión. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Realización de exercicios baseados nos contidos teóricos. |
| Outros | exercicios de expresión oral e de debate |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Exercicios de escoita e comprensión de textos disponíveis na plataforma Tema |

| **Atención personalizada** | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Traballos tutelados | Os traballos stutelados erán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente. |
| Prácticas autónomas a través de TIC | Os traballos stutelados erán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Os traballos stutelados erán feitos baixo a supervisión e corrección da profesora antes da presentación final. Os exercicios de prácticas a través de Tic serán corrixidos individualmente. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Traballos tutelados | Presentación do traballo de síntese de tres artigos de xornal nos que se trata en profundidade un tema de actualidade e en relación coa civilización francófona.<br><br>Ficha de lectura sobre o libro de lectura | 20 |
| Prácticas de laboratorio | Exercicios de práctica da lingua francesa, de reformulación ou de comprensión e tamén de corrección fonética. | 10 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Probas de comprensión ou ditados | 5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Probas de coñecemento e práctica da lingua francesa | 5 |
| Outras | Exame final sobre os coñecementos adquiridos durante o curso, tanto na práctica coma na teoría. | 60 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

 **Primeira edición das actas** : A avaliación é continua. Para ser avaliado será necesario ter asistido ó 80% das clases e ter entregado os traballos na data requirida. As probas non entregadas contarán coma un cero. Os alumnos terán que aprobar tódalas destrezas. En caso de plaxio, a nota é de suspenso.

As preguntas estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; e, de maneira particular, coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de ensino presencial. Xa que nesta modalidade de exame final (por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente) non se vai esixir ao alumnado que faga ningunha proba práctica, como mínimo, váiselle esixir que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixibles para a súa realización).

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, vanse penalizaran tanto as respostas deixadas en branco como as respostas incorrectas.

Para aprobar a materia nesta avaliación única da primeira convocatoria o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos no exame final único da avaliación única da materia.

Por acordo da Xunta de Facultade do 11/06/12, neste curso académico 2012-2013, a responsabilidade de fixar a data para a realización do exame único final da cada materia correrá a cargo dos docentes da materia. Neste caso en concreto o exame final único da materia terá lugar a última semana do curso. O día e a data acordados serán comunicados ao Decanato da FFT e ao alumnado da materia, e publicados tanto na web da FFT como na web da materia, tan pronto como sexan fixados os horarios definitivos da materia.

**2. - SEGUNDA CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN**

O alumnado que se presente á segunda convocatoria de avaliación vai ter que realizar unha única proba de tipo test cun valor máximo de 10,0 puntos en total (o 100% da nota final).

As preguntas estarán relacionadas, de maneira xeral, con aspectos teóricos e prácticos da materia; e, de maneira particular, coas probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas realizadas na modalidade de ensino presencial. Xa que nesta modalidade de exame final (por razóns de tempo, infraestrutura e de procedemento, basicamente) non se vai esixir ao alumnado que faga ningunha proba práctica, como mínimo, váiselle esixir que probe que sabería facelas se fose necesario (que sabería utilizar os programas, formatos, procedementos, metodoloxías, etc. esixibles para a súa realización).

O valor de cada resposta correcta será proporcional ao número total de preguntas formuladas; e, vanse penalizaran tanto as respostas deixadas en branco como as respostas incorrectas.

Para aprobar a materia nesta segunda convocatoria o alumnado deberá obter un mínimo de 5,0 puntos na proba única tipo test.

## Bibliografía. Fontes de información

Tendo en conta que:

1. O curso é predominantemente de tipo práctico e nel vaise aprender o funcionamento e uso básico de múltiples e variadas ferramentas informáticas (software, basicamente) relacionadas, directa ou indirectamente, co ámbito da tradución.
2. O uso dun determinado programa (ou software) informático está supeditado sempre aos requisitos técnicos do propio programa, á versión do programa que empregamos, ao sistema operativo sobre o cal se executa e, moitas veces, incluso a outros programas cos cales se complementa.
3. Na actualidade, preferentemente no ámbito profesional pero tamén no ámbito independente (*freelance*) e tamén no ámbito da docencia universitaria, aínda existe unha clara unanimidade na preferencia polo uso de determinado tipo de ferramentas informáticas (software) de carácter 'pechado' e 'comercial'. Isto, na maioría dos casos, tradúcese nun custo económico para os usuarios destes programas. Este custo, no ámbito da docencia universitaria: (i) ou ben se asume sen mais (o cal representa na maioría dos casos ter que comprar tantas licenzas dos programas informáticos en cuestión como sexan necesarias; e actualizalas constantemente); (ii) ou ben se establecen convenios de colaboración entre as universidades e as diferentes empresas de software a 'custo cero' (cousa moi complicada e supeditada a veces a moitos intereses por ambas partes); (iii) ou ben se traballa con 'software gratuíto' e/ou 'software libre' (aínda que non sempre é posible atopar programas de este tipo); (iv) ou ben, simplemente, se traballa con 'versións de proba' ou 'versións de demostración' dos programas pechados e comerciais (coas conseguintes limitacións de tempo e/ou de uso para o usuario).

Por todo este conxunto de especiais circunstancias faise moi difícil poder dar no momento da redacción das Guías Docente (normalmente dous ou tres meses antes do inicio do curso académico) unha bibliografía actualizada e acorde cos programas informáticos que vanse estudar e/ou empregar no curso. Simplemente porque é imposible saber aínda cales van ser os programas e/ou as versións dos programas que van poderse empregar ao longo do curso académico.

En función da propia configuración dos computadores das aulas informáticas, da disposición de programas (gratuítos, libres, de pago, etc.), dos convenios asinados coas empresas distribuidoras de software, das propias versións existentes dos programas, dos sistemas operativos empregados, etc. vaise optar por uns determinados programas en particular. Por todo illo, unha vez establecido os programas concretos cos cales vamos a traballar, vaise facilitar ao alumnado a bibliografía mais adecuada 'ad hoc' (normalmente en formato PDF e accesible en liña para todo o alumnado de maneira gratuíta).

Aínda así, a continuación mostramos un exhaustivo repertorio de referencias bibliográficas básicas en soporte papel que vos poden axudar a comprender, duna maneira xeral e a nivel teórico-práctico, o "uso das tecnoloxías no ámbito específico da tradución".

Si fose necesario recomendar algún deles, poderíamos facelo en función de diferentes criterios:

- Libros dispoñibles no Catálogo PERSEO da Biblioteca Universitaria de Vigo: Austermühl; Bowker; Díaz-Fouces e García-González; Oliver, Moré e Climent; Pym; Reineke; Somers; Torres del Rey.
- Libros en español: Corpas e Varela; Díaz-Fouces e Garcia-González; Oliver, Moré e Climent; Reineke; Torres del Rey.
- Os 'clásicos': Austermühl; Bowker; Pym; Somers.
- Os que conteñen a información máis actualizada: Dimitriu e Freigang; Oliver, Moré e Climent; Quah.
- Os que teñen unha orientación fundamentalmente didáctica: Pym; Torres del Rey.
- Os que tratan o tema do software libre: Díaz-Fouces e Garcia-González; Oliver, Moré e Climent; Reineke.

**Bibliografía básica en soporte papel relacionada coa "Tradución e as Tecnoloxías"**


- Austermühl, F. Electronic tools for translators. Manchester; Northampton: St. Jerome, 2001, 192 p., ISBN: 1900650347 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 AUS ele"].
- Bowker, L. Computer-aided translation technology: a practical introduction. Ottawa: University of Ottawa Press, 2002, 185 p., ISBN: 0776630164 / 0776605380 [Signatura PERSEO: "FFT 801:681.3 BOW com"].
- Corpas, G.; Varela, M.J. Entornos informáticos de la traducción profesional: las memorias de traducción. Granada: Atrio, 2003, 340 p., ISBN: 8496101150 [Signatura PERSEO: non está].
- Díaz Fouces O.; García González, M. (eds.) Traducir (con) software libre. Granada: Comares, 2008, 210 p., ISBN: 8498364873 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 TRA con"].
- Dimitriu, R.; Freigang, K. (eds.) Translation Technology in Translation Classes, Iasi: Editura Institutul European, 2008, 210 p., ISBN: 9736115219 [Signatura PERSEO: non está].
- O'Hagan, M.; Ashworth, D. Translation-mediated communication in a digital world: facing the challenges of globalization and localization. Clevedon: Multilingual Matters, 2002, 192 p., ISBN: 1853595810 / 1853595802 [Signatura PERSEO: non está].

- Oliver, J.A.;  Moré, J.; Climent, S. (coords.) Traducción y tecnologías. Barcelona: UOC, 2008, 316 p., ISBN: 84977887403 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 OLI tra"].
- Pym, A. Translation technology and its teaching (with much  mention of localization). Tarragona: Intercultural Studies Group (Uiversitat Rovira i Virgili), 2006, 124 p., ISBN: 8461111311 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 TRA tec"].
- Quah, C.K. Translation and technology. Hampshire / New York: Palgrave Macmillan, 2006, 221 p., ISBN: 1403918325 [Signatura PERSEO: non está].
- Reineke, D. (coord.) Traducción y localización: mercado, gestión y tecnologías. Las Palmas de Gran Canaria: Anroart Ediciones, 2005, 372 p., ISBN: 8496577082 [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 TRA ylo"].
- Somers, H. (ed.) Computers and translation: a translators□s guide. Amsterdam [etc.]: John Benjamins, 2003, 349 p., ISBN: 9027216401 (Europa) / 1588113779 (U.S.A.) [Signatura PERSEO: "FFT 82.03 COM and"].
- Torres del Rey, J. La interfaz de la traducción. Granada: Editorial Comares, 2005, 248 p., ISBN: 8484449379 [Signatura PERSEO: "82.03 TOR int"].

E o alumnado que non teña aínda uns 'coñecementos mínimos' de "informática básica ou de usuario e/ou de ofimática básica" (que non vai explicarse neste curso e que vai ser o punto de partida do mesmo), pode consultar tamén unha pequena mostra de referencias bibliográficas básicas relacionadas co "tratamento informático da información e ofimática básica".

Si fose necesario recomendar algún deles, poderíamos facelo en función de diferentes criterios:

- Manuais sobre paquetes ofimáticos exclusivamente de pago (Office 2003 e Office 2007): Bott e Woody.
- Manuais sobre paquetes ofimáticos de pago e libres (Office e Openoffice): Moro.

**Bibliografía básica en soporte papel relacionada co "Tratamento informático da información e Ofimática básica"**

- Bott, E.; Woody, L. Office 2003 (Colección 'La biblia de'; Traducción de Norwich & Barston. Special edition using Microsoft Office 2003. ISBN: 0789729555), 2004, Madrid: Anaya Multimedia, 1084 p., 2004, ISBN: 8441516782 [Signatura PERSEO: "681.3 BOT bib"].
- Bott, E.; Woody, L. Office 2007 (Colección 'La biblia de'; Traducción de  Norwich & Barston. Special edition using Microsoft Office 2007. ISBN: 0789735172), 2007, Madrid: Anaya Multimedia, 976 p., 2007, ISBN: 8441522237 [Signatura PERSEO: "FFT 681.3 BOT bib"].
- Moro, M. Tratamiento informático de la información. Madrid: Paraninfo, 2004, 316 p., ISBN: 8497327930 [Signatura PERSEO: solicitado e pendente de recepción].

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931

**Outros comentarios**

1) Dadas as limitacións temporais en que se desenvolve a materia, considérase imprescindíbel cursar a materia "Ferramentas para a Tradución e Interpretación V: Informática avanzada" do 4º curso do Grao. Dese xeito resulta máis factíbel atinxir un dominio satisfactorio dos coñecementos informáticos e das destrezas relacionados coa práctica profesional glosados na listaxe de competencias do Grao.

2) Dado que para o desenvolvemento e a avaliación da materia atinxen tanto as horas de traballo presenciais na aula como as horas de traballo persoal do alumnado, considérase imprescindíbel a asistencia do alumnado (en calquera dos grupos prácticos ao seu dispor) ás primeiras sesións introdutorias da materia.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego** | | | | |
| Materia | Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Galego | | | |
| Código | V01G230V01201 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | | | | |
| Departamento | Filoloxía galega e latina | | | |
| Coordinador/a | Solla Gonzalez, Amparo | | | |
| Profesorado | Palacio Sanchez, Jose Antonio<br>Solla Gonzalez, Amparo | | | |
| Correo-e | asolla@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Partindo de que o alumnado posúe un nivel C2 do Marco Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas, a materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes á vez que incide na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas formais nos diferentes contextos comunicativos orais e escritos. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A17 | Capacidade de tomar decisións |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A25 | Coñecementos de cultura xeral e civilización |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| A33 | Dominio oral e escrito da lingua propia |
| B7 | Toma de decisións |
| B8 | Compromiso ético e deontolóxico |
| B9 | Razoamento crítico |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| - Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega.<br>Capacidade de aprendizaxe autónoma | A3<br>A4<br>A27 | B7<br>B9 |
| - Desenvolver autonomía na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.<br>Coñecementos de cultura xeral e civilización<br>Dominio oral e escrito da lingua propia | A3<br>A4<br>A17<br>A18<br>A25<br>A33 | B7<br>B8<br>B15<br>B23 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| 1. A norma escrita da lingua galega | 1.1. A acentuación<br>1.2. Signos ortográficos<br>1.3. Grupos consonánticos<br>1.4. Sufixos e terminacións<br>1.5. Paradigmas morfolóxicos do galego |

| | |
|---|---|
| 2. Morfosintaxe | 2.1. O artigo<br>2.2. O substantivo e adxectivo<br>2.3. O pronome persoal<br>2.4. Posesivos e demostrativos<br>2.5. Cuantitativos e indefinidos<br>2.6.O verbo<br>2.7. O adverbio, a preposición, a conxunción. |
| 3. Lingua oral e lingua escrita | 3.1. A linguaxe como medio de comunicación<br>3.2. Escritura e oralidade |
| 4. O texto | 4.1. Coherencia e cohesión textual<br>4.2. Tipoloxía textual en galego |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 21 | 21 | 42 |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | 3 | 6 | 9 |
| Presentacións/exposicións | 3 | 21 | 24 |
| Sesión maxistral | 15 | 30 | 45 |
| Actividades introdutorias | 4 | 8 | 12 |
| Probas de resposta curta | 2 | 16 | 18 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O alumnado levará a cabo a resolución de problemas e exercicios específicos para a materia explicada. Adóitase utilizar como complemento da clase maxistral. |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | Os discentes asistirán a conferencias e actividades que complementen a súa formación. |
| Presentacións/exposicións | O alumnado exporá perante o docente e/ou un grupo de estudantes un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo, exercicio. |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, directrices dun traballo e actividades que o alumnado debe desenvolver. |
| Actividades introdutorias | Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado e reunir información sobre o grupo así como a presentar a materia |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado. |
| Sesión maxistral | O profesor terá titorías individualizadas ou en pequenos grupos antes da exposición dos temas por parte do alumnado. |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Durante o curso a profesora especificará cales das diferentes actividades prácticas serán avaliables. Terase moi en conta a actitude e participación do alumnado nas aulas. | 20 |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | Valorarase a asistencia a calquera actividade programada relacionada coa materia e a entrega dunha recensión persoal. | 5 |
| Presentacións/exposicións | Valorarase a preparación dun traballo tutelado, individual e breve (5 folios) no que se atenderá especialmente á corrección do texto. | 10 |
| Sesión maxistral | Valorarase a atención dos discentes, a súa curiosidade intelectual, a reflexión e mesmo o debate se se considera oportuno. | 15 |
| Probas de resposta curta | Realizaranse dúas probas durante o semestre: unha sobre a normativa ortográfica e morfolóxica e outra sobre aspectos gramaticais. Ámbalas dúas deberán ser superadas para obter a cualificación total deste apartado. | 50 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

**MOI IMPORTANTE**

**A.** Para poder optar á avaliación continua débense cumprir os seguintes requisitos: **entrega de ficha debidamente cuberta na data esixida**, **asistencia** habitual ás aulas, **entrega dos** traballos **obrigatorios**.

**B.** O alumnado que opte pola **modalidade presencial** someterase ás **dúas probas avaliables necesarias para conseguir o aprobado** da materia: unha sobre o dominio da normativa ortográfica e morfolóxica do galego e outra sobre construción e corrección textual, aspectos gramaticais e cuestións léxico-semánticas traballadas durante o curso. **Ámbalas dúas probas deberán ser superadas**. De ser o caso, realizarase unha **media aritmética** cara á cualificación final deste apartado. **Na segunda convocatoria** (xullo) **non se conservará a cualificación** de ningunha das dúas probas superadas.

**C. O alumnado que non se acolla á modalidade presencial** realizará **contra a primeira semana de maio** unha **proba teórico práctica** sobre os contidos da materia, **unha proba oral** e terán a obriga de entregar **un traballo individualconsensuado de antemán coa profesora**.
Recoméndase **remitir á docente un correo electrónico para se informar da data precisa dos exames.**
O mesmo sistema seguirase cos **alumnos que concorran á segunda ou posteriores convocatorias.**

Calquera tipo de **plaxio** será penalizado co **suspenso.**

## Bibliografía. Fontes de información

**LECTURAS OBRIGATORIAS**

Na sesión de presentación da materia, a profesora **especificará cales son as obras de lectura obrigatoria do curso.**

**BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN**


ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X. (2002): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

FREIXEIRO MATO, X.R. (2000): *Gramática da lingua galega II Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

GONZÁLEZ REI, B. (2004): *Ortografía da lingua galega.* A Coruña: Galinova Editorial.

HERMIDA, Carme (2004): *Gramática Práctica (Morfosintaxe*), Santiago: Sotelo Blanco.

ILG / RAG (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago: ILG / RAG.

DICIONARIOS:

CARBALLEIRA ANLLO, X. M. (coord) (2000): *Gran dicionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

FERNÁNDEZ SALGADO,B.(coord) (2004): *Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega.* Vigo: Galaxia.

XOVE FERREIRO, Xosé (coord) (2005), *Novo dicionario da lingua galega.* Santiago de Compostela: Obradoiro-Santillana.

NAVAZA BLANCO (coord)(1990) *Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos.* Vigo: Xerais.

***Vocabulario ortográfico la lingua galega* (RAG/ILG): htpp://www.realacademiagalega.org/volga/**

www.edu.xunta.es/diccionarios/BuscaTermo.jsp

webs.uvigo.es/sli/virtual/galego.htm

***Curso é-galego*: ilg.usc.es**


## Recomendacións

**Materias que continúan o temario**

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01401

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109

**Outros comentarios**

No caso do alumnado que non posúa un nivel avanzado de coñecementos (C2) deberá procuralo por medios alternativos á docencia desta materia: Escola Oficial de Idiomas, visionado de películas, lecturas ...

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español** | | | | |
| Materia | Lingua: Lingua A2, I: Expresión escrita e oral: Español | | | |
| Código | V01G230V01202 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán | | | |
| Departamento | Lingua española | | | |
| Coordinador/a | Rodriguez Vega, Maria Regina | | | |
| Profesorado | Rodriguez Vega, Maria Regina | | | |
| Correo-e | xinavega@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos que posúen os discentes dunha das súas linguas maternas, o español. Ademais, a materia incide na aplicación práctica da norma académica adaptada á construción de discursos orais e escritos de carácter formal en contextos comunicativos diversos. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A3 | Dominio da lingua propia, escrita e oral |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A10 | Capacidade de traballo en equipo |
| A17 | Capacidade de tomar decisións |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B5 | Coñecementos de informática aplicada |
| B6 | Capacidade de xestión da información |
| B7 | Toma de decisións |
| B12 | Traballo en equipo |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B18 | Creatividade |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Desenvolver as habilidades de comprensión e de expresión escrita. | A4 | B1 |
| Ampliar o repertorio léxico e textual na lingua materna español. | A3 | B15<br>B23 |
| Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise, creación e revisión de todo tipo de textos. | A10<br>A18 | B1<br>B5<br>B18 |
| Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer de forma crítica a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita e poñela en común. | A18 | B7<br>B12 |
| Proporcionarlle a información e ferramentas necesarias ao discente para que manexe con soltura os recursos bibliográficos de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais de corrección, traducción e interpretación textual. | A17<br>A27 | B6 |

| Contidos | |
|---|---|
| Tema | |
| Tema 1. Conceptos básicos sobre corrección lingüística. | 1.1. Norma e uso.<br>1.2. A norma académica e o concepto de estándar culto en español.<br>1.3. A política lingüística panhispánica da RAE. |
| Tema 2. Ortografía e puntuación. | 2.1. Ortografía das letras.<br>2.2. Ortografía das palabras.<br>2.3. Acentuación.<br>2.4. Puntuación. |

| | |
|---|---|
| Tema 3. Ortotipografía. | 3.1. Ortotipografía dos elementos tipográficos.<br>3.2. As referencias bibliográficas. |
| Tema 4. Morfoloxía flexiva. | 4.1. Morfoloxía flexiva vs. Morfoloxía derivativa.<br>4.2. Morfoloxía flexiva. Unidades.<br>4.3. Cuestións de xénero gramatical.<br>4.4. Cuestións de número gramatical. |
| Tema 5. O nivel da escritura: o texto. | 5.1. Coherencia e cohesión textual.<br>5.2. Formas discursivas e tipoloxía textual en español.<br>5.3. Redactar en función da tipoloxía textual. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Actividades introdutorias | 2 | 3 | 5 |
| Sesión maxistral | 18 | 45 | 63 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 14 | 21 | 35 |
| Presentacións/exposicións | 6 | 18 | 24 |
| Traballos de aula | 4 | 8 | 12 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | 2 | 0 | 2 |
| Traballos e proxectos | 2 | 7 | 9 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

| | Descrición |
|---|---|
| Actividades introdutorias | Actividade introdutoria. Durante a primeira sesión buscarase recoller información sobre os coñecementos de partida, os intereses e as motivacións dos discentes. Ademais da presentación da materia, farase unha pequena proba inicial (non puntuable na avaliación final) que servirá como valoración de nivel. |
| Sesión maxistral | Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos xerais da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e metodoloxías de análise. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos claros que aseguren a comprensión dos contidos. Ocasionalmente poderán estar apoiadas por presentacións. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada nas clases. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para reforzar os coñecementos que se van adquirindo. |
| Presentacións/exposicións | Actividade práctica. O profesor da materia dará unhas indicacións xerais sobre a forma axeitada de realizar unha presentación oral. A partir destas explicacións esta liña metodolóxica irá orientada aos discentes. O seguinte paso consistirá na exposición oral (individual, por parellas ou en grupos) por parte dos alumnos dun tema concreto de carácter lingüístico que se escollerá entre os temas da materia e que terá que presentarse ao resto dos compañeiros. |
| Traballos de aula | Actividade práctica orientada na aula polo docente. Aínda que o alumnado poderá traballar de forma autónoma na materia, estes traballos de aula terán como obxectivo a proposta de certas actividades que se desenvolverán coa colaboración de alumnos e docente durante catro sesións presenciais dunha hora cada unha. |

**Atención personalizada**

| **Metodoloxías** | **Descrición** |
|---|---|
| Traballos de aula | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Para a realización de traballos ou proxectos, así como para a resolución de exercicios e problemas propostos na aula, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Por ese motivo, recoméndase a consulta individual ou en pequenos grupos nas titorías, ben nas previamente marcadas polo horario oficial do docente, ben nas concertadas entre docente e discentes. |
| **Probas** | **Descrición** |
| Traballos e proxectos | |

**Avaliación**

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Consistirá na exposición oral por parte do alumnado (individual, por parella ou en grupo de 3 ou 4 persoas) dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os propostos polo docente. O obxectivo é avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal. | 25 |
| Probas de resposta longa, de desenvolvemento | Consistirá nun exame que abordará os temas estudiados durante o curso. Nesta proba terán cabida preguntas de carácter teórico e outras de carácter práctico. Realizarase na antepenúltima sesión docente e dedicaranse as dúas últimas sesións a tarefas de revisión e comentario das probas realizadas. | 50 |
| Traballos e proxectos | Consistirá na elaboración dun traballo proposto en clase (resumo de artigos, valoración crítica dunha obra literaria, etc.) no que se avaliará a competencia do alumnado no relativo ao dominio das técnicas e mecanismos de síntese e redacción dun texto. | 25 |

**Outros comentarios sobre a Avaliación**

Ao inicio do curso, os alumnos deberán indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (exame oficial da materia fixado pola Facultade). Os discentes que se acollan ao sistema de avaliación única realizarán un exame no que terán cabida cuestións teóricas e prácticas. Os alumnos que opten pola avaliación continua e que non superen a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso. Os estudiantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario. A lectura dunha obra literaria será obrigatoria. Tanto nas probas coma no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. Se durante a corrección de actividades e traballos detéctase copia ou plaxio, os referidos traballos non se valorarán. A avaliación das lecturas obrigatorias relizarase no exame final.

**Bibliografía. Fontes de información**


Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,

del Valle, José (ed.), **La lengua ¿patria común?**, Madrid: Iberoamericana- Frankfurt am Main: Vervuert,

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA,

Real Academia Española, **Ortografía de la lengua española**, Madrid, Espasa,

Real Academia Española, **Diccionario panhispánico de dudas**, Madrid, Santillana,

Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA,

Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,

Cervera, Ángel, **Guía para la redacción y el comentario de texto**, Madrid: Espasa,


Ao longo do curso poderán indicarse outras lecturas específicas.

Como recolle o apartado relativo á avaliación, haberá que realizar unha lectura obrigatoria ao longo do cuadrimestre. O título indicarase nas sesións presenciais e tamén a través dun anuncio na plataforma TEMA.

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés** | | | | |
| Materia | Idioma moderno:<br>Idioma 1, II:<br>Inglés | | | |
| Código | V01G230V01203 | | | |
| Titulación | Grao en<br>Tradución e<br>Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Inglés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Llantada Diaz, Maria Francisca<br>Perez Paz, Maria Flor | | | |
| Profesorado | Llantada Diaz, Maria Francisca<br>Perez Paz, Maria Flor | | | |
| Correo-e | fanny.llantada@uvigo.es<br>mflor@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Esta materia presta atención á consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas a un nivel de usuario/a competente. O curso ten unha orientación práctica.<br>O nivel de lingua é B2 e de chegada C1, segundo os estándares do Marco Europeo Común de Referencia. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| A2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
| A8 | Destreza para a procura de información/documentación |
| A12 | Posuír unha ampla cultura |
| A18 | Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica |
| A22 | Destrezas de tradución |
| A24 | Capacidade de aprendizaxe autónoma |
| A25 | Coñecementos de cultura xeral e civilización |
| A27 | Capacidade de razoamento crítico |
| A30 | Coñecemento de idiomas |
| B1 | Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia |
| B2 | Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira |
| B6 | Capacidade de xestión da información |
| B9 | Razoamento crítico |
| B12 | Traballo en equipo |
| B15 | Aprendizaxe autónoma |
| B22 | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica |
| B23 | Capacidade de traballo individual |

| Competencias de materia | | |
|---|---|---|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | |
| Promover a autonomía do alumnado para desenvolver unha competencia comprensiva de diversos tipos de textos en inglés. | A1<br>A8<br>A12<br>A18<br>A24<br>A27<br>A30 | B1<br>B2<br>B6<br>B9<br>B15<br>B22<br>B23 |
| Asentar e aumentar o coñecemento do repertorio léxico básico inglés. | A1<br>A4<br>A8<br>A18<br>A24<br>A30 | B2<br>B12<br>B15<br>B22<br>B23 |

| | | |
|---|---|---|
| Aplicar e desenvolver o sentido de conciencia lingüística dos mecanismos gramaticais e formas de uso do inglés. | A1<br>A2<br>A4<br>A18 | B2<br>B15<br>B22<br>B23 |
| Desenvolver as bases das habilidades de comprensión e expresión oral en inglés. | A1<br>A8<br>A18<br>A22<br>A24<br>A30 | B2<br>B15<br>B22<br>B23 |
| Utilizar e valorar o coñecemento das nocións gramaticais básicas do inglés | A1<br>A4<br>A18<br>A24<br>A25<br>A30 | B2<br>B15<br>B22<br>B23 |

**Contidos**

| Tema | |
|---|---|
| 1. Brands | 1. Discuss brands.<br>2. Describe effects and influences.<br>3. Talk about the image and qualities of products.<br>4. Talk about advertising and marketing.<br>5.Viral ads.<br>6. Pass on detailed information.<br>7.Use advertising language. |
| 2. Images and Objects | 1. Speculate about images and objects.<br>2. Interpret and respond to a story.<br>3. Interpreting a painting.<br>4. Discuss icons.<br>5. Identify critical language in a text.<br>6. Present argument and counter-arguments.<br>7. Give and respond to criticism. |
| 3. Groups | 1. Describe groups and membership.<br>2. Describe feelings about belonging.<br>3. Give opinions emphatically.<br>4. Explore strategies for analysing authentic texts.<br>5. Persuade others to take action.<br>6. Describe an organisation.<br>7. Presenting something in the best possible light. |
| 4. Saving the World | 1. Talk about climate change.<br>2. Describe inventions and how they work.<br>3. Discuss proposals.<br>4. Describe an ongoing process.<br>5. Understand imaginery in and comment on a poem.<br>6. Conduct a debate.<br>7. Report and react to a point of view. |
| 5. Knowledge and Technology | 1. Talk about knowledge and technology.<br>2. Discuss how to access to information.<br>3. Describe technology advances.<br>4. Explain an idea delivering a positive message.<br>5. Give written advice.<br>6. Write steps in a process, describe how to do something.<br>7. Write a cover letter: describe experience and ability. |

**Planificación**

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 5 | 13 | 18 |
| Titoría en grupo | 8 | 0 | 8 |
| Presentacións/exposicións | 9 | 20 | 29 |
| Actividades introdutorias | 1 | 0 | 1 |
| Traballos de aula | 10 | 30 | 40 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | 3 | 15 | 18 |
| Probas de resposta curta | 4 | 8 | 12 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | 4 | 8 | 12 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Outras | 4 | 8 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|---|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas de forma autónoma, con material de autocorrección. |
| Titoría en grupo | Explicación dos elementos dos contidos que precisen da aclaración das dúbidas que ao respecto presente o alumnado. |
| Presentacións/exposicións | Presentacións orais e escritas guiadas sobre os contidos da materia, quer de forma individual quer colectiva, para reforzar as destrezas comunicativas de expresión. |
| Actividades introdutorias | Orientación xeral sobre a materia, qué se espera do alumnado e cómo conseguilo. |
| Traballos de aula | Práctica das catro destrezas comunicativas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading), e expresión escrita (writing) así como das destrezas lingüísticas (use of English). |
| Resolución de problemas e/ou exercicios | Formulación, análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos e as destrezas comunicativas. |

## Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Titoría en grupo | Orientacións xerais sobre a materia, análise das capacidades iniciais dos alumnos. Fomento das estratexias de aprendizaxe autónomo. Indicacións sobre os traballos tutelados. Asesoramento que precisen os alumnos para a superación do curso. O profesorado facilitará ao alumnado a bibliografía e material necesario para as súas exposicións. |
| Presentacións/exposicións | Orientacións xerais sobre a materia, análise das capacidades iniciais dos alumnos. Fomento das estratexias de aprendizaxe autónomo. Indicacións sobre os traballos tutelados. Asesoramento que precisen os alumnos para a superación do curso. O profesorado facilitará ao alumnado a bibliografía e material necesario para as súas exposicións. |

## Avaliación

| | Descrición | Cualificación |
|---|---|---|
| Presentacións/exposicións | Presentacións, redaccións, e exposicións orais e escritas sobre o libro de obrigada lectura e os dous artigos extraídos dos xornais online e relacionadas coas destrezas de expresión (speaking and writing). | 20 |
| Probas de resposta curta | 1. Probas puntuais sobre a materia asignada, conceptos teóricos e a súa aplicación.<br>2. Resolución de exercicios prácticos de resposta curta (fill in the gaps, transformations, cloze, multiple choice, etc.) relacionados coas destrezas lingüísticas (use of English). | 20 |
| Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. | Probas prácticas de execución de tarefas baseadas en materias reais ou adaptados e relacionadas coas destrezas de comprensión (listening and reading). | 20 |
| Outras | Exame final sobre todos os contidos lingüísticos e as catro destrezas comunicativas: comprensión oral (listening), expresión oral (speaking), comprensión escrita (reading), e expresión escrita (writing) así como das destrezas lingüísticas (use of English), que presupón o 40% para aqueles alumnos/as que teñan dereito a avaliación continua. | 40 |

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase a avaliación continua, sendo o sistema máis axeitado para a aprendizaxe da materia.

**O alumnado de avaliación continua ten que declararse por escrito como asistentes de avaliación continua na segunda ou terceira clase teórica da materia e para iso entregarán unha ficha ó profesorado.**

Para poder **superar o sistema de avaliación continua** o alumnado deberá asistir ao **80% das horas presenciais** (tanto de horas teóricas como das prácticas). De non facelo perderá o dereito á avaliación continua e terá que presentarse á **avaliación única** que se realizará durante o último día lectivo da materia. O alumnado de avaliación única realizará o exame da competencia oral durante o último día lectivo da materia. A devandita competencia medirase cunha entrevista ao alumnado que versará sobre algún tema dos contidos do curso. A avaliación única computará como o 100% da nota final.

Ó **alumnado de avaliación continua** computáraselle un 60% da cualificación final co traballo e probas do curso e un 40% coa proba final na data oficial da primeira convocatoria. A proba final da primeira convocatoria terá lugar na última clase da

materia.

Para aprobar a materia será preciso aprobar **cada unha das catro destrezas comunicativas (reading, listening, speaking and writing) e a destreza lingüística (use of English)**. Na convocatoria de xullo o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

**A posibilidade de faltar ao 20% das sesións presenciais xa contempla as faltas por emerxencias e por enfermidade**, por tanto no se aceptará xustificación das faltas agás en casos moi limitados e excepcionais.

A avaliación continua do alumnado require que o alumnado demostre as súas capacidades con regularidade ó longo do cuadrimestre. Por tanto, as probas e traballos de clase non son recuperables. **As probas e os traballos feitos na clase que os alumnos non entreguen por non asistir a clase contarán como un 0**. As probas tipo resposta curta serán controis puntuais que non se anuncian antes de realizalos. Anunciarase na aula a programación das datas de entrega dos traballos, así como as datas nas que se realizarán os traballos de aula que son redacción escritas ou presentacións orais, ademais dos exames e as probas máis extensas de reading e listening. O traballos realizados fóra da aula deberán ser entregados en man na clase no día sinalado. Así, os traballos que o alumnado non entregue na data requirida e en man contarán como un "0".

**Os/as alumnos/as que non superen a avaliación continua ou que renuncien a ela** deberán presentarse a unha proba única global sobre todos os contidos comunicativos e lingüísticos da materia en **xullo (segunda convocatoria)**, que computará como o 100%. A data deste exame farase pública de forma oficial.

Esta proba de xullo constará de cinco partes que avaliarán as catro destrezas comunicativas e a destreza lingüística (use of English). Cada unha das partes equivalerá a un 20% da cualificación final e para aprobar a materia haberá que aprobar cada unha das devanditas destrezas.

**Os/as alumnos/as que non se acollan á avaliación continua terán una proba única que computará como o 100% da nota. A primeira oportunidade é a proba da primeira convocatoria e a segunda na segunda convocatoria (xullo)**.

Para a segunda convocatoria (xullo) conservaranse as calificacións das partes aprobadas na primeira convocatoria (sendo de avaliación continua ou da proba única da primeira convocatoria).

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, ordenador, conexión a internet ou outros medios electrónicos.

**O plaxio total ou parcial nos traballos entregados suporá o suspenso automático na materia**.

## Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica

Libro de texto:

Libro de lectura obrigatoria:www.washingtonpost.com

The Guardian

Bibliografía complementaria

Dicionarios.

Collins Cobuild Advanced Dictionary*. Barcelona: Random House Mondadori, 2008.*

Gran Diccionario Oxford Español-Inglés, Inglés-EspañolHornby, Albert Sidney. *Oxford Advanced Learner's Dictionary*. Oxford University Press, 2010.

2006.

Lee, Diana et al. *Oxford Collocations Dictionary*. Oxford University Press, 2008.

*. Oxford: Macmillan, 2007.*

Comprensión e expresión oralPronunciation Tasks, 1993.

O□Connor, J.D. & Fletcher, Clare. *Sounds English*. Harlow: Longman, 1989.

Vocabulario

McCarthy, Michael & O□Dell, Felicity. *English Idioms in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2010.

McCarthy, Michael & O□Dell, Felicity. *English Phrasal Verbs in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2002.

McCarthy, Michael & O□Dell, Felicity. *English Vocabulary in Use, Advanced*. Cambridge University Press, 2007.

McCarthy, Michael & O□Dell, Felicity. *Test your English Vocabulary in Use*, *Upper-Intermediate*. Cambridge Univesity Press, 2005.

Materiais en liña:

BBC World Service (gramática, tests, actividades de comprensión oral, etc.)

http://www.bbc.co.uk

Voice of America (lectura lenta, excelente para a práctica da comprensión oral)

http://www.edufind.com/english/grammar/

E-learning Materials

ESL Podcasts:

http://www.eslpod.com/toefl/

ESL Websites:

http://www.okey-dokey.co.uk

http://www.usingenglish.com

http://iteslj.org

Bellenglish (First Certificate)

http://www.elcox.co.uk

http://www.cambridgeesol.org/exams/

English for Everybody (First Certificate and others) (fee)

http://www.englishoutlook.com

Australian Centre for Languages (Communication)

http://www.englishpage.com

The Oxford Learning English Resource (Upper intermediate-advanced) (fee)

**Recomendacións**

**Materias que continúan o temario**

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés/V01G230V01303

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103

**Outros comentarios**

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida da materia terá que procurar formación en inglés por a súa conta (EOI, Centro de Linguas, materiais bibliográficos, etc.). EN NINGÚN CASO SE BAIXARÁ O NIVEL.

Tamén cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright. Ningunha parte dos libros de texto e de lectura poden ser reproducidos, alterados, editados ou usados por calquera forma ou medio, electrónico ou mecánico, inclusive fotocopias, gravacións, Internet ou sistema de almacenamento de datos, sen permiso por escrito dos autores ou

editoriais, agás nos casos de treitos curtos citados en recensións críticas ou artigos de revistas, xornais ou calquera medio de comunicación.

| DATOS IDENTIFICATIVOS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés** | | | | |
| Materia | Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés | | | |
| Código | V01G230V01204 | | | |
| Titulación | Grao en Tradución e Interpretación | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | FB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Francés | | | |
| Departamento | Filoloxía inglesa, francesa e alemá | | | |
| Coordinador/a | Ripoll Delebourse, Virginia Teresa | | | |
| Profesorado | Ripoll Delebourse, Virginia Teresa | | | |
| Correo-e | vripoll@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Os obxectivos da materia son adquirir unha competencia comprensiva e produtiva de estruturas gramaticais complexas tanto na expresión escrita coma na oral, insistindo na produción e comprensión oral. O nivel que se vai atinxir é un nivel C1.2, é dicir un nivel C1 consolidado. | | | |

| Competencias de titulación | |
|---|---|
| Código | |
| A1 | Dominio de linguas estranxeiras |
| A2 | Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras |
| A4 | Coñecer norma e usos das linguas de traballo |
